

CPI. ATIOS - VALDOVIÑO

Año 2013

2013

PORTFOLIO DE ACTIVIDADES COMBAS

CPI. ATIOS - VALDOVIÑO

PORTFOLIO DE ACTIVIDADES COMBAS

CPI. ATIOS

**Avda. de San Sadurni, 19
15552. Valdovino**

Coordinadora:

- **Fernández Blanco, Laura Adela**



1.- Introducción

O proxecto COMBAS nace no noso centro, dende a necesidade e preocupación dunha parte do claustro relacionada coa programación e avaliación das competencias básicas (CCBB). Dende hai varios anos, no noso centro estamos intentando introducir nas programacións de aula e nos procedementos de avaliación e cualificación do noso alumnado indicadores de CCBB. O proxecto COMBAS dounos a oportunidade de profundizar, comprender e asimilar mellor o noso propósito.

Atios é un CPI situado en Valdoviño onde escolarizamos alumnado das etapas de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria. O claustro está composto por un total de 49 profesionais e poderíamos dicir que é un centro dinámico, innovador e cun claustro moi activo e participativo. Contamos co selo de calidade Aenor, feito que nos define como un centro comprometido coa calidade e a mellora continua e, neste momento, consideramos que un dos eixes fundamentais do noso traballo ten que ir dirixido a programar e avaliar por CCBB en todas as etapas do noso centro.

COMBAS xurde como unha proposta do equipo directivo, trasladada dende o Centro de Formación do Profesorado, que dende o primeiro momento resultou moi atractiva para un determinado número de mestres e mestras. O feito de reflexionar, e moitas veces debatir, aspectos relacionados coas nosas propias programacións, deseños curriculares e propostas didácticas, sen dúbida consideramos que contribúe a unha mellora da calidade do ensino e danos a oportunidade de implementar dun xeito real e axustado o noso propósito, que non é outro que desenvolver no noso alumnado as CCBB que de forma prescriptiva veñen reflectidas na lexislación vixente.

Como coordinadora do proxecto, Laura Adela Fernández Blanco, é titora dun grupo de primaria e a coordinadora do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.

2.- Actividades realizadas no centro na modalidade A1 de COMBAS

2.1.- ACTIVIDADE PREVIA. SEIS SOMBREIROS PARA PENSAR

 Qué información precisaríamos sobre as Competencias Básicas? .Cales son e para que serven. .Todas as competencias aplícanse en todas as áreas?En todo o currículo? .As CCBB na Programación Diaria, como aplicalas? .Como avalialas? .No noso centro temos o programa de Calidade certificado por Aenor, como afectarían a dito programa?	 Que sensacións temos ante o reto que supón a incorporación das CCBB aos deseños e que supoñerá para os centros? .Un modelo máis integrador de todos os compoñentes da comunidade educativa. .Máis integración co entorno próximo. .Máis e mellor utilización das TIC. .Máis motivación en todos os ámbitos. .Non estar suxeitos aos supostos irrealistas dos libros de texto. .Sensación de desánimo no referente a que os responsables de avaliar todo este proceso, a un nivel superior de centro, non teñen a formación suficiente neste particular. .Sensación máis positiva na práctica docente, xa que se avaliaría ao alumno/a no seu contexto da vida cotiá cando aplique os coñecementos adquiridos.
 Se as CCBB se incorporan aos deseños e non teñen éxito, que consecuencias negativas tería para os centros? .Volta ao ensino tradicional priorizando memorización ante razoamento, coartando a iniciativa do alumnado, separando vida escolar e vida real,... .A escola non estaría respondendo de forma eficaz as demandas sociais que se lle esixen. .O noso alumnado non estaría realmente preparado para desempeñar un papel competente, crítico e autónomo na vida social. .Maior fracaso escolar, con todo o que iso conleva.	 Se a incorporación das CCBB ao deseño curricular ten éxito, que cambios positivos se producirían no currículo? .Supón un desenvolvemento integral do alumno/a e un cambio metodolóxico enriquecedor no profesorado implicando ademais a toda a comunidade educativa. .Pasariamos do coñecemento polo coñecemento ó coñecemento para a vida.



Que poderíamos facer para que a incorporación das CCBB nos deseños mellore os currículos reais dos centros?

.Intentar que esa incorporación sexa real e non se quede só nos papeis ou nas programacións.

.Que esa incorporación teña un compoñente de voluntariedade alto.

.Formación do profesorado (que demande esa necesidade).



Como poderíamos controlar as estratexias e procesos de mediación entre os deseños e os currículos reais dos centros para que o éxito sexa o maior posible?

.Implicacións do profesorado con reunións periódicas (funcionais).

.Deseños prácticos e realmente aplicables á vida cotiá do centro.

.Avaliación periódica para afianzar as fortalezas, mellorar as debilidades e propoñer as oportunidades de mellora.

Conclusións: Como conclusión destacaríamos que máis ou menos todos e todas temos claro o concepto de competencia básica e maioritariamente estamos de acordo en que este novo elemento curricular pode ser unha gran axuda para mellorar a nosa práctica docente e acadar máis e mellores cotas de éxito escolar. Todos/as estamos de acordo na importancia de acercar a escola a vida real, de partir dos intereses dos nosos/as alumnos/as e de acadar aprendizaxes significativas e útiles para a vida. Agora ben, tamén é maioritaria a sensación de desánimo en canto o papel da propia administración nesta tarefa. A propia inspección educativa, en moitos casos, manifesta un total descoñecemento sobre estes temas así como da realidade das aulas. É xeneralizado o sentimento de excesiva "burocratización" de todo o escolar, polo que temos medo que as competencias básicas non sexan máis que un novo elemento a incluír nos papeis, pero que realmente non chegará a concretarse nas prácticas das nosas aulas. Consideramos fundamental a importancia da formación do profesorado, dun xeito funcional e útil, dende un enfoque totalmente practico e xeneralizable as nosas aulas. O abandono, polo menos en parte, do libro de texto como único recurso material e a incorporación nas aulas de metodoloxías activas por parte do alumnado onde realmente sexan os nenos/as os responsables de dirixir e regular o seu propio proceso de aprendizaxe, serían, dende o noso punto de vista, un elemento clave para o éxito da proposta.

2.2. ACTIVIDADE 1. PRESENZA DAS CCBB. ANÁLISE DO CURRÍCULO REAL DA AULA

Competencias Básicas			
1 Comunicación Lingüística	3 No coñecemento e na interacción co mundo físico	5 Social e cidadá	7 Para aprender a aprender
2 Matemática	4 No tratamento da información e competencia dixital	6 Cultural e artística	8 De autonomía e iniciativa persoal

ETAPA: EDUCACIÓN PRIMARIA								
PASO 1. DESCRICIÓN DA TAREFA - ACTIVIDADES	PASO 2. Competencia/s coa/s que se relaciona							
	1	2	3	4	5	6	7	8
1. POÑER A DATA E O TEMPO	X	X	X					X
2. EXPLICAR UN EXERCICIO	X	X	X				X	X
3. CORRECCIÓN EN GRUPO	X	X		X	X		X	X
4. LECTURA COLECTIVA	X	X	X	X	X	X	X	X
5. BUSCA DE INFORMACIÓN	X	X	X	X	X	X	X	X
6. DEBATE SOBRE UN TEMA	X	X	X	X	X	X	X	X
7. FACER UN DEBUXO	X	X	X		X	X	X	X
8. LECTURA DIARIA DUN LIBRO DA BILIOTECA	X		X	X		X		X
9. RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS REAIS, CALCULO DO PREZO DUNHA EXCURSIÓN, GASTO SEMANAL NA CAFETERÍA,...	X	X	X		X		X	X
10. BUSCA E SELECCIÓN DE INFORMACIÓN EN DISTINTOS MEDIOS.	X		X	X	X	X	X	X
11. FACER DE PROFES: EXPLICAR UN TEMA PREPARADO, AXUDAR AOS COMPAÑEIROS/AS,...	X	X			X		X	X
12. TRABALLO COOPERATIVO	X	X	X		X		X	X
13. EXPLICACIÓN DO PROFE	X	X	X	X	X			
14. COMENTARIOS ORAIS.	X				X			
15. VER VIDEOS DIDÁCTICOS SOBRE O TEMA TRATADO	X		X	X		X		
16. ACTUALIZACIÓN DO PRÉSTAMO DA BIBLIOTECA DE AULA		X			X			X
17. FACER UN RESUMO	X						X	
18. ELABORAR UN TEXTO	X						X	
19. COMPLETAR UN ESQUEMA							X	X

PASO 3 (co feito inicialmente e sen máis información que a que se ten ou intúe, realizar unha primeira valoración persoal e de ciclo/departamento, sacando primeiras CONCLUSIÓNS provisionais sobre o currículo real de cada centro e o peso que consideran ten a presenza dunha, algunhas ou todas as competencias, así como as que se consideren insuficientemente tratadas)

✚ CONSIDERAMOS QUE SE TRABALLAN MÁIS AS COMPETENCIAS DO QUE PENSABAMOS. ATA QUE O ANALIZAMOS NON NOS DIMOS CONTA...

✚ A PESARES DE NON PLANIFICALO DE FORMA EXPLÍCITA, O TRABALLO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS É EVIDENTE.

✚ CONSIDERAMOS QUE UNHAS DAS COMPETENCIAS MÁIS RELEVANTES SON AS DE APRENDER A APRENDER E DE AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL PORQUE DETERMINAN AS DE MAIS E, SEN EMBARGO, SON MOITAS VECES AS MENOS TRABALLADAS.

ETAPA: E.S.O.

PASO 1. DESCRICIÓN DA TAREFA - ACTIVIDADES	PASO 2. Competencia/s coa/s que se relaciona							
	1	2	3	4	5	6	7	8
1. LECTURA DE TEXTOS	X						X	X
2. CORRIXIR EXERCICIOS				X	X		X	X
3. EXPOSICIÓN DE CONTIDOS. EXPLICACIÓN MATERIA.	X	X		X		X	X	X
4. VISIÓN DE VIDEOS HISTÓRICOS			X	X		X		X
5. USO DA AULA VIRTUAL		X	X				X	X
6. RESOLUCIÓN DE DÚBIDAS	X				X		X	X
7. ELABORACIÓN DE EXERCICIOS	X		X	X	X		X	X
8. CHAMAR A ATENCIÓN	X		X		X			X
9. UTILIZACIÓN CALCULADORA/ORDENADOR		X						X
10. RESOLUCIÓN DE CONFLITOS			X		X			X
11. XOGOS GRUPAIS OU INDIVIDUAIS		X		X				X
12. CORRECCIÓN EXERCICIOS DA CASA		X					X	
13. REALIZACIÓN DE ESQUEMAS E GRÁFICOS		X					X	X

14.INTERPRETACIÓN DOS RESULTADOS DUNHA ANÁLISE DE SANGUE.	X	X	X	X	X		X	X
15.ANÁLISE DA ETIQUETA DUN ALIMENTO	X	X	X	X	X		X	X
16.ELABORACIÓN DUNHA DIETA EQUILIBRADA E SAUDABLE.	X	X	X					
17.ELABORACIÓN DUN PECHA KUCHA SOBRE UN GRUPO DE FÓSILES.	X		X	X	X	X	X	X
18.OBTENCIÓN DO DNA DA MUCOSA BUCAL			X		X		X	X
19.DESEÑO DUNHA PRÁCTICA DE LABORATORIO			X	X	X	X	X	X
20.ELABORACIÓN DE MURALS	X	X	X	X	X	X	X	X
21. SAÍDAS	X	X	X	X	X	X	X	X
22. PROBAS ESCRITAS	X	X	X		X	X	X	X

PASO 3 (co feito inicialmente e sen máis información que a que se ten ou intúe, realizar unha primeira valoración persoal e de ciclo/departamento, sacando primeiras CONCLUSIÓNS provisionais sobre o currículo real de cada centro e o peso que consideran ten a presenza dunha, algunhas ou todas as competencias, así como as que se consideren insuficientemente tratadas)

✚ CONSIDERAMOS QUE NA ACTIVIDADE COTIÁ DA AULA TRABÁLLANSE MOITAS DAS COMPETENCIAS, SÓ TEMOS QUE CUANTIFICALAS E DARNOS CONTA DA SÚA IMPORTANCIA.

✚ A SIMPLE VISTA OBSERVAMOS QUE UNHAS COMPETENCIAS TRABÁLLANSE MÁIS QUE OUTRAS. CONSIDERAMOS QUE AS MÁIS IMPORTANTES DEBERÍAN DE SER A DE AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL E A DE APRENDER A APRENDER.

✚ PODERÍAMOS CAMBIAR ALGUNHAS ACTIVIDADES PARA INCIDIR MÁIS E MELLOR EN ALGUNHAS COMPETENCIAS.

2.3. ACTIVIDADE 2. COMO INTEGRAR AS CCBB NA VIDA REAL DA AULA.

ETAPA: EDUCACIÓN INFANTIL		
DESCRICIÓN DAS ACCIÓNS	EXERCICIO, ACTIVIDADE OU TAREFA	CCBB coa que se relaciona

DEBUXO DUN CONTO LEÍDO.....	ACTIVIDADE.....	1,6
RUTINAS: CANTOS ESTAMOS, CANTOS FALTARON....	ACTIVIDADE.....	2
POÑER O MANDILÓN.....	ACTIVIDADE.....	8
PRODUCCIÓN LIBRE EN CABALETE.....	ACTIVIDADE.....	6
MODELADO EN PLASTILINA.....	ACTIVIDADE.....	6
FACER UNHA LISTA DOS QUE VAN A COMEDOR.....	ACTIVIDADE.....	1

CONCLUSIÓN (observacións e dúbidas que xorden sobre a categorización):

Probablemente, pola metodoloxía utilizada nesta etapa non son tan habituais os exercicios coma en etapas superiores. Observamos que a propia metodoloxía utilizada fomenta a realización de actividades e tarefas.

ETAPA: EDUCACIÓN PRIMARIA

DESCRICIÓN DAS ACCIÓNS	EXERCICIO, ACTIVIDADE OU TAREFA	CCBB coa que se relaciona
LECTURA.....	EXERCICIO.....	1
ACTIVIDADES MANIPULATIVAS.....	ACTIVIDADE.....	1,3,6,7
ACTIVIDADES NO ORDENADOR.....	ACTIVIDADE.....	1,4,8
LECTURA DUN TEXTO SOBRE AS VIAXES....	EXERCICIO.....	1,2,3,6
COMENTARIO ORAL.....	ACTIVIDADE.....	1,5
ACTUALIZACIÓN PRÉSTAMO BIBLIOTECA....	TAREFA.....	1,4,5,8
FACER UN RESUMO.....	ACTIVIDADE.....	4,7,8
ELABORAR UN TEXTO.....	ACTIVIDADE.....	1,6,7,8
BUSCAR INFORMACIÓN.....	ACTIVIDADE.....	4,7,8
COMPLETAR UN ESQUEMA.....	ACTIVIDADE.....	7,8

CONCLUSIÓN (observacións e dúbidas que xorden sobre a categorización):

Unha das conclusións as que chegamos é que a través dos exercicios repetitivos non se traballan xeralmente as competencias básicas, aínda que son necesarios para a realización posterior de actividades e tarefas. Non podemos primar a realización case exclusiva de exercicios como no ensino tradicional, senón como un primeiro paso, como a dotación dunha ferramenta para a realización de tarefas máis complexas. Tamén temos, en moitas ocasións, dificultades para diferenciar unha actividade dunha tarefa.

ETAPA: EDUCACIÓN SECUNDARIA

<i>DESCRIPCIÓN DAS ACCIÓNS</i>	<i>EXERCICIO, ACTIVIDADE OU TAREFA</i>	<i>CCBB coa que se relaciona</i>
EXPLICACIÓNS.....	EXERCICIO.....	7,3
EXERCICIOS SOBRE O EXPLICADO.....	EXERCICIO.....	3,1
XOGOS GRUPAIS.....	ACTIVIDADE.....	3,1,7
FERRAMENTAS DIXITAIS.....	ACTIVIDADE.....	1,2,4,5,8
LECTURA DE TEXTOS.....	EXERCICIO.....	1,2
CORRECCIÓN EXERCICIOS DA CASA.....	EXERCICIO.....	3,8
ESQUEMAS, GRÁFICOS.....	ACTIVIDADE.....	1,3,7
USO DA AULA VIRTUAL.....	ACTIVIDADE.....	2,3,7,8
PRESENTACIÓN DE TEMAS ELABORADOS.....	TAREFA.....	1,2,3,4,5,6,7,8
ELABORACIÓN DE MURAIIS.....	TAREFA.....	1,2,3,4,5,6,7,8
COMENTAR NOVAS RELACIONADAS COA ÁREA E FACER TRABALLOS RELACIONADOS.....	TAREFA.....	1,2,3,4,5,6,7,8
SAÍDAS.....	TAREFA.....	1,2,3,4,5,6,7,8
TRABALLO NO LABORATORIO.....	ACTIVIDADE.....	1,2,3,5,7,8
PROBAS ESCRITAS.....	EXERCICIO.....	1,2,3,5,7,8
ELABORACIÓN DE RESUMOS.....	ACTIVIDADE.....	1,7,8
TÉCNICA SUBLIÑADO.....	ACTIVIDADE.....	4,8
AMPLIACIÓN LÉXICA.....	ACTIVIDADE.....	6,7
ELABORACIÓN DE TEXTOS SEGUINDO UN MODELO..	ACTIVIDADE.....	1,6,7,8
EXPOSICIÓN CONTIDOS APOIÁNDOSE NAS TIC....	TAREFA.....	1,3,4,5,7,8
EXPLICAR RAZOAMENTO MATEMÁTICO.....	TAREFA.....	1,2,3,4,5,6,7,8
UTILIZACIÓN CALCULADORA.....	EXERCICIO.....	2
RESOLUCIÓN DE CONFLITOS.....	ACTIVIDADE.....	1,5,8

CONCLUSIÓNS (observacións e dúbidas que xorden sobre a categorización):

Observamos falta de tarefas dentro do desenvolvemento do currículo, sobre todo en algunhas áreas. Hai unha maioritaria descontextualización na maioría de métodos de traballo.

Moitas das dúbidas que atopamos foron que en ocasións non tiñamos claro se as propostas eran exercicios, actividades ou tarefas.

EXEMPLOS DE TAREFAS, ACTIVIDADES E EXERCICIOS

<i>Centro e localidade:</i>	CPI ATIOS	<i>Autor:</i>	DELFINA BAÑOBRE
<i>Área/materia:</i>	CIENCIAS NATURAIS	<i>Temporalización:</i>	
<i>Ciclo/nivel:</i>	1º ESO		DÚAS SESIÓNS DE CLASE E UNHA SEMANA PARA O TRABALLO DE CAMPO

TAREFA: OS CARBOEIROS

COMPETENCIAS TRABALLADAS: 1,2,3,4,5,6,7,8

ACTIVIDADES:

- 1.-Elaborar en equipos un cuestionario para pasara as persoas indicadas.
- 2.-Indagar para atopar a persoa indicada e pasarlle o cuestionario.
- 3.-Facer unha presentación sobre a minería do carbón coa información obtida e aportando outra que consigan con bibliografía ou internet.

EXERCICIOS:

- 1.- Elaborar a enquisa.
- 2.-Buscar a persoa ou persoas que teñen a información.
- 3.-Pasarlle a enquisa.
- 4.-Facer a presentación.

<i>Centro e localidade:</i>	CPI ATIOS	<i>Autor:</i>	IVÁN HINOJO
<i>Área/materia:</i>	MATEMÁTICAS	<i>Temporalización:</i>	
<i>Ciclo/nivel:</i>	4º ESO		8-10 SESIÓN

TAREFA: ELABORACIÓN DUN ORZAMENTO PARA O CENTRO

COMPETENCIAS TRABALLADAS: 1,2,3,4,5,7,8

ACTIVIDADES:

- 1.-Facer un balance de ingresos-gastos.
- 2.-Calcular os costes dos diferentes apartados.
- 3.-Axustar gastos e ingresos para cadrar o presuposto.

EXERCICIOS:

- 1.- Facer porcentaxes.
- 2.-Facer ecuacións.
- 3.-Facer gráficas.
- 4.-Interpretar as ecuacións.

<i>Centro e localidade:</i>	CPI ATIOS	<i>Autor:</i>	ANTONIO CELEIRO
<i>Área/materia:</i>	CIENCIAS SOCIAIS	<i>Temporalización:</i>	
<i>Ciclo/nivel:</i>	3º ESO	TRES SESIÓN	

TAREFA: “Cristobal Colón descubre América e ao regreso pasa as vacacións en Baiona”.

Facer unha presentación en soporte dixital.

COMPETENCIAS TRABALLADAS: 1,3,4,7,8

ACTIVIDADES:

- 1.- Coa axuda que nos ofrecen as novas tecnoloxías, recoller información e elaborar unha escolma sobre a vida de Colón.
- 2.- O alumnado debe organizar a información recompilada para poder deseñar as rutas que Colón percorre nas súas 4 viaxes.
- 3.- Recoller nun cadro, as coordenadas xeográficas dos diferentes puntos polos que pasou Colón na súa primeira viaxe, e logo calcular a distancia real entre elas.

EXERCICIOS:

- 1.-Localizar nun mapamundi Cádiz, Santa Cruz de Tenerife, Santo Domingo, Santiago de Cuba e Baiona indicando as súas coordenadas xeográficas.
- 2.- Os territorios que Colón visitou nas súas viaxes con que estados actuais se corresponden?
- 3.- Calcula a distancia real entre Baiona e Santiago de Cuba, primeiro usando a escala dun atlas tradicional e logo a través da regra do Google Earth.
- 4.- Busca en internet a biografía de Colón e ilustra a mesma con fotografías.
- 5.- Que é a rede xeográfica de localización e que utilidades ten.

<i>Centro e localidade:</i>	CPI ATIOS	<i>Autor:</i>	BLANCA RIVEIRA
<i>Área/materia:</i>	GLOBALIZADA EI	<i>Temporalización:</i>	
<i>Ciclo/nivel:</i>	4º EI		3º TRIMESTRE

TAREFA: EXPOSICIÓN SOBRE MARUJA MALLO (xunto cos demais niveis de EI)

COMPETENCIAS TRABALLADAS: 1,2,3,4,5,6,7,8

ACTIVIDADES:

- 1.-Buscar en internet (con axuda) información sobre a artista.
- 2.- Compoñer o nome de Maruja Mallo (recortar con letras e pegalo nun mural).
- 3.- Facer en cabaleta un retrato dun compañeiro ou compañeira logo de ver os da artista.

EXERCICIOS:

- 1.-Visonar presentacións de cadros de Maruja Mallo.
- 2.-Observar a súa firma e tratar de copiala.
- 3.-Conversa sobre a presentación.
- 4.-Realizar mesturas de témperas para obter distintos tonos (con indicación).

<i>Centro e localidade:</i>	CPI ATIOS	<i>Autor:</i>	ANDRÉS DÍAZ
<i>Área/materia:</i>	ÁMBITO CIÉNTIFICO TÉCNICO	<i>Temporalización:</i>	
<i>Ciclo/nivel:</i>	4º DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR		3º TRIMESTRE

TAREFA: PINTADO DA AULA DE 4º DE DIVERSIFICACIÓN

COMPETENCIAS TRABALLADAS: 1,2,3,4,5,6,7,8

ACTIVIDADES:

- 1.-Comprobación da regra de 3 inversa.
- 2.- Gráfica dunha función lineal, pendente dunha recta, con respecto á velocidade de pintado de cada un dos alumnos.
- 3.- Elaboración de escalas e planos, a súa utilidade para planificar o traballo.

EXERCICIOS:

- 1.-Debuxar m² nas paredes da aula como aproximación á noción de cálculo de áreas.
- 2.-Cálculo exacto da área das paredes axudados polo plano a escala.
- 3.-Lixando a parede comprobar os m² que poder lixar 1 alumno, 2 alumnos e 4 alumnos no mesmo tempo, por exemplo 10 min.
- 4.-Representación na folla de cálculo da superficie pintada por cada un dos alumnos, dado un tempo fixo para cada un deles.

Centro e localidade:	CPI ATIOS	Autor:	ANA RAMOS
Área/materia:	COÑECEMENTO DO MEDIO	Temporalización:	
Ciclo/nivel:	5º EP	8 SESIÓN	

TAREFA: ESTUDIO DA POBOACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO

COMPETENCIAS TRABALLADAS: 1,2,3,4,5,6,7,8

ACTIVIDADES:

- 1.-Elaborar gráficos cos datos obtidos nun mapa de densidade de poboación e nunha pirámide de poboación.
- 2.-Elaboración dun informe cos datos obtidos sobre as características da poboación de Valdoviño.
- 3.-Análise comparativa coa poboación da provincia e da comunidade.

EXERCICIOS:

- 1.-Calcular a densidade de poboación de Galicia, A Coruña e Valdoviño.
- 2.-Obter o crecemento natural restando nacementos e falecementos do Concello.
- 3.-Calcular a densidade de poboación das parroquias da costa e do interior.
- 4.-Calcular a porcentaxe de poboación estranxeira de Galicia, da nosa provincia e do noso Concello.

Centro e localidade:	CPI ATIOS	Autor:	JUAN RAMÓN ALONSO GARCÍA
Área/materia:	GLOBALIZADA COÑECEMENTO-LINGUA GALEGA	Temporalización:	
Ciclo/nivel:	2º EP	2º TRIMESTRE	

TAREFA: ELABORACIÓN DUN LIBRO PARA A BIBLIOTECA SOBRE O CORPO HUMANO

COMPETENCIAS TRABALLADAS: 1,2,3,4,5,6,7,8

ACTIVIDADES:

- 1.-Buscar e seleccionar información na rede sobre o corpo humano.
- 2.-Elaborar resumos coa información seleccionada.
- 3.-Realizar a montaxe de textos e imaxes dándolle o formato definitivo.

EXERCICIOS:

- 1.-Traducir a información recollida a lingua galega.
- 2.-Corrixir as faltas de ortografía.
- 3.-Pasar a limpo as montaxes definitivas.
- 4.-Elaborar o libro propiamente dito coas aportacións de todos os nen@s da clase.

2.4. ACTIVIDAD 3. MAPA DE RELACIONES CURRICULARES.